

DOMINGO 3 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Xon 3, 1-5. 10

Convertéronse os ninivitas da súa mala vida

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XONÁS

Veulle de segunda vez a palabra do Señor a Xonás:

- Érguete, vai a Nínive, a grande cidade, e proclámalle a mensaxe que eu che dei.
Xonás ergueuse e marchou a Nínive, conforme á palabra do Señor. Nínive era unha cidade enormemente grande, de tres días para atravesala.
Xonás comezou a entrar na cidade o camiño dun día e predicaba así:
- Dentro de corenta días Nínive será destruída.
Os homes de Nínive creron en Deus e proclamaron o xaxún. Vestíronse de saco desde o máis grande ao máis pequeno.
Viu Deus as súas obras, como se convertían do seu mal camiño, e arrepeníuse do mal que dixerá que lles ía facer, e non llelo fixo.

SALMO RESP. Sal 24, 4bc-5ab. 6-7bc. 8-9

R/ (4a): Móstrome, Señor, os teus camiños

Móstrome, Señor, os teus camiños,
ensíname os teus sendeiros,
pois ti es, Deus, o meu salvador
e estoute a esperar todo o día.

Lémbrate, Señor, da túa compaixón e do teu amor,
pois existen desde sempre.
acórdate de min segundo o teu amor,
Señor, pola túa bondade.

O Señor é bo e recto:
por iso ensínalle o camiño aos extraviados,
dirixe aos xustos no xuízo
e móstralles aos humildes o vieiro.

SEGUNDA 1 Cor 7, 29-31

Pasou a configuración deste mundo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

O que vos digo, irmáns, é que o tempo é contado. O que importa, é que os que teñen muller vivan coma se non a tivesen; os que choran, coma se non chorasen; os que están alegres coma se non se alegrasen; os que comercian, coma se non tivesen nada; os que disfrutan no mundo, coma se non disfrutasen. Porque o mundo, na súa configuración actual, está a pasar.

ALELUIA Mc 1, 15:

Xa chega o Reino de Deus; facede penitencia e crede no Evanxeo

DOMINGO 3 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 1, 14-20

Facede penitencia e crede no Evanxeo

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo:

- O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.

Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a Simón e mais a Andrés, seu irmán, largando o aparello no mar: eran pescadores. Díxolles Xesús:

- Vide comigo, e fareivos pescadores de homes.

E deixando de contado o aparello, seguírono. Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo de Zebedeo e mais a Xoán, seu irmán; estaban arranxando o aparello na barca. E de seguida os chamou. Eles, deixando a seu pai, Zebedeo, e mailos seus tripulantes na barca, seguírono.